

## LUCIANO CALVO PUMPIDO PRESIDENTE DEL GRUPO CALVO

## «Esta é a nova xeración de escritores que podemos fomentar»

A Fundación Luis Calvo Sanz apostou polo certame Contos de Primavera de La Voz de Galicia e Radio Voz

F. RODRÍGUEZ, P. BLANCO

CARBALLO / LA VOZ

Xa queda menos para o acto de entrega de premios do certame Contos de Primavera convocada por La Voz de Galicia e Radio Voz. Será o sábado, ás 12.00 horas, no Casino de Carballo. A celebración do concurso foi posible grazas ao apoio do grupo Calvo a través da Fundación Luis Calvo Sanz. Onte, en Radio Voz Bergantiños, Luciano Calvo amosou a súa satisfacción pola acoillida que tivo o certame: «Houbo bastantes participantes e, aínda que non tiveron oportunidade de ler por agora os relatos, segundo me dixeron teñen un alto nivel. Iso é bo. Esta é a nova xeración de escritores que podemos fomentar».

Calvo explicou que a idea da convocatoria deste concurso literario xa vén de hai un ano, de tempo atrás: «É un vello proxecto, para que a xuventude puidese desenvolver un tema sobre a Costa da Morte, o mar, a historia, a etnografía da comarca». Non só para fomentar o seu talento, ou para que escribisen ao respecto, como dixo Luciano, senón tamén «un pouquiño para valorar o que ten a mocidade aquí ao lado e que moitas veces non nos damos conta». Abundou neste aspecto: «Non só non nos damos conta do que temos, senón que moitas veces maltratámolo. De aí a idea precisamente, para valorar, poñer en valor, concienciar».

Por máis que está satisfeito de que foran 67 traballos os que se presentaron a esta primeira edición do certame, bota en falta que non participase rapazada de centros de Carballo. Agarda que así sexa en vindeiras edicións e felicita tamén a Cee, posto que para o colexio Manuela Rial Mouzo foron parar os dous primeiros premios do concurso, polos textos *Unha boa viaxe*, de



Luciano Calvo Pumpido. J. M. CASAL

Lucía Varela López, e *Lobos de Mar*, de Jorge García Pombo. «A zona de Cee é moi literaria, xente que escribe ben. Ten poetas, escritores... É unha zona bastante doada para este tipo de iniciativas, moi prolífica», dixo Calvo en Radio Voz. Velle, por tanto, perspectivas de futuro a este certame e agarda que esta primeira

convocatoria sirva «para que os demais o vexan» e vaia medrando ano tras ano a participación, como foi ocorrendo co xa tradicional Contos de Nadal, tamén promovido por La Voz e Radio Voz.

O presidente do Grupo Calvo estará presente, por suposto, no encontro deste sábado, para compartir tempo cos autores dos dez contos que acadaron a maior puntuación. Son intres felices, tamén, no ámbito deportivo, con ese título estatal para o Calvo Xiria de balonmán, por segundo ano consecutivo. Supón a culminación dun empeño que xa vén de anos atrás, do 94 ou 95, cando Luciano foi nomeado presidente do Xiria e o actual alcalde, Evencio Ferrero, vicepresidente: «Collémolo con moita ilusión e ímpeto. Tres anos despois falabamos de cando chegaría o tempo de ter unha plantilla toda da zona. Foi traballo, acertos e moito apoio técnico, conseguímo-lo». Poder ascender á División de Honor «con xente da casa» parece asimesmo máis preto. E o domingo pode ser ademais un día histórico para o Bergantiños.

## Baíñas no Camiño se presenta y logra el apoyo de la mayor parte de la corporación de Vimianzo

CARBALLO / LA VOZ

La asociación cultural Baíñas no Camiño ha conseguido el apoyo de la mayor parte de los grupos políticos de la corporación de Vimianzo. En la presentación oficial, que se celebró el sábado, el colectivo contó con la presencia del alcalde, Manuel Antelo, quien explicó que el Concello colabora en la limpieza de la ruta que une Santiago con Muxía. También estuvieron las edilas Raquel Rodríguez, del PP, y Paula Mouzo, del PSOE, que se comprometieron a colaborar con las tareas administrativas y para reunir la do-

documentación necesaria para que la Xunta reconozca el itinerario. Por su parte, el concejal Manuel Rodríguez recordó que su apoyo ha sido desde el principio.

Medio centenar de personas asistieron a la primera reunión pública de la entidad. La junta directiva expuso diversas cuestiones, desde la situación del proceso de reconocimiento hasta la importancia del aprovechamiento social y cultural del camino, incluso antes de tener el visto bueno de Patrimonio. También se habló sobre el monasterio clunicense de Santo Antonio y de las



El alcalde de Vimianzo, durante su intervención en la presentación.

actividades, como las caminatas, que comenzaron el 29 de abril en Compostela y que continuarán el 13 de marzo en Brandomil. La

última etapa será el 27 de mayo y unirá Berdoias con Muxía. Para inscribirse basta con llamar al Concello de Zas.



El ganador del premio disfrutó también de una berlina. T. F. T.

## Un fin de semana en el Gran Hotel La Toja con Carballo Virtual

El portal [www.carballovirtual.com](http://www.carballovirtual.com) acaba de premiar a José Luis Anido P. con un fin de semana para dos personas, todo incluido, en el Eurostars Gran Hotel La Toja, un establecimiento de cinco estrellas situado en la isla de A Toxa, en el municipio pontevedrés de O Grove.

El ganador disfrutó además durante toda su estancia allí de

una berlina premium, según explicaron los responsables de esta promoción. El Gran Hotel La Toja, fue construido por el arquitecto ourensano Vázquez-Gullás, cumple 110 años de vida, ha aparecido en 75 ediciones de la Guía Michelin y ha sido visitado por personalidades como Gabriel García Márquez y José Ortega y Gasset.

## BUÑO

## Críticas por la falta de medios en el centro de salud

Los ediles de Buño, Mari Carmen Sánchez y Antonio Pereira han vuelto a criticar la falta de medios existentes en el centro de salud de Buño. Denuncian la desatención a los pacientes «especialmente en aquellos casos nos que o médico se ve obrigado a abandonar o centro por algunha emergencia que xurda fóra». Ambos concejales instan al executivo local a exigir a la Consellería de Sanidade máis medios humanos para el centro de salud.



La actividad se lleva a cabo en el CEIP Otero Pedrayo.

## A LARACHA

## Una veintena de mujeres participan en un curso de defensa personal

Una veintena de mujeres participan desde el sábado en un curso de defensa personal, que coordina de forma conjunta, el Club Amigos del Judo de A Laracha y el Concello, en las instalaciones del CEIP Otero Pedrayo. El programa está dividido en cuatro sesiones, de dos horas de duración cada una. Las interesadas pueden inscribirse todavía. Tienen de plazo hasta mañana. El requisito es tener más de quince años de edad.

## CORISTANCO

## Fonteboa organiza un curso de ordeño para formar técnicos

El centro de promoción rural EFA Fonteboa organiza para el día 29 un curso de ordeño, en el que colaboran varias explotaciones de la zona, donde se llevarán a cabo las actividades prácticas. El objetivo es formar técnicos cualificados en las rutinas de ordeño de acuerdo con las exigencias sanitarias.

## CERCEDA

## La directora xeral de Xuventude, Cecilia Vázquez, visita Sogama

La directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, acompañada de un grupo de jóvenes de Sicilia, participantes en el programa Xuventude no mundo, visitará hoy, a partir de las diez de la mañana, las instalaciones de Sogama. La comitiva será recibida por el presidente de la sociedad medioambiental, Javier Domínguez Lino.